SUXESTIÓNS AO 25. XANEIRO.2026
TERCEIRO DOMIMGO DO TEMPO ORINARIO - CICLO A

S U X E S T I Ó N S :

- DECÁLOGO DO BO LECTOR.

Debo prepararme para facer o meu labor de servizo tomando en conta que:

1. Chegarei ao templo con (polo menos) 15 minutos de anticipación á hora da misa.
2. Situarei a lectura que me corresponde proclamar, revisando o Leccionario no ambón.
3. Repasarei a lectura do día antes da misa, prestando atención á pronuncia de nomes e lugares que me resulte difícil proclamar.
4. Proclamarei a Palabra de Deus lendo amodo, con ritmo, voz forte e ton vivo, para que a comunidade enteira escoite plenamente a mensaxe.
5. Antes de proclamar a Palabra de Deus, anunciarei sempre de que libro da Biblia está tomada a lectura.



6. Ao finalizar a proclamación, farei unha pausa e direi: "Palabra de Deus".
7. Non debo ler as rúbricas (textos impresos en cor vermella), nin calquera outro texto que se atope fose da lectura que me corresponde.
8. Corrixirei a altura do micrófono e a distancia cara á miña boca, de tal forma que se escoite claro o que proclamo.
9. Ao ler, farei as pausas necesarias, respectando os signos de puntuación.
10. Meditarei as lecturas do día para o meu crecemento espiritual.

ORACIÓN DO LECTOR
PARA PREPARARSE A DESEMPEÑAR A SÚA MISIÓN.



Deus eterno, cando o teu Fillo leu na sinagoga de Nazaré, proclamou as boas novas de salvación polas que entregaría a súa vida.

Envíame a túa bendición cando proclame as túas palabras de vida.

Fortalece a miña fe para que poida ler con convicción e sagacidade, e para que poida poñer en práctica o que lin.

Pídocho por Xesucristo o noso Señor. Amén.

SUXESTIÓNS e MÁIS SUXESTIÓNS:

- Para a celebración do domingo da Palabra, podemos ler a carta do papa deste día titulado ***"Aperuit illis"***. (buscar en Google).

- Aprendemos ben as ***respostas*** ao final das lecturas: "Grazas a Deus" e "Gloria a ti, Señor Xesús".

- Que os nenos traian á misa ***biblias e bendicímolas***. Logo colocámolas encima dunha rede ou tea no presbiterio cun cirio aceso e unha frase: "A Palabra de Cristo habite en vós" (1 Col. 3,16). Outras posibles son: "Embárcate no proxecto de Xesús, navega no evanxeo", ou "Lámpada é a túa Palabra para os meus pasos" (Salmo 118), ou "A Deus falamos cando oramos e a Deus oímos cando lemos as palabras divinas" (DV n. 25), "Descoñecer as Escrituras é descoñecer a Cristo" (S. Xerome). Tamén se podería adornar con flores ou teas o ambón das lecturas.

-***Tamén se pode bendicir os lectores*** coa oración que aparece arriba ou a do Bendicional nº 405: *"Oh Deus, que en distintas ocasións e de moitas maneiras faláchesnos para darnos a coñecer o misterio da túa vontade, bendí + estes irmáns nosos para que, cumprindo fielmente o oficio de lectores, anuncien a palabra de Deus aos demais, meditándoa no seu corazón. Por XCNS. Amén".*

-Habería que implicar un grupo no ministerio de lector, formándoos e dándolles un ***"decálogo do lector"***.

-Regalar evanxeos ou ***"O Evanxeo de cada día"*** aos pais para que oren en familia, na casa.

-Crear ou convidar a participar nos ***grupos bíblicos***... Convidar á *Lectio divina* dando panfletos cos distintos pasos. Tamén se podería convidar os que participan en grupos bíblicos o nº 6 (momento de adoración da Palabra de Deus, ver arriba).

-Nas sesións de catequeses e con mocidade, facer unha celebración de ***entronización da Biblia*** na sala de catequese ou lugar de reunión e comezar cada encontro cun texto da Escritura, axudándoos a comprendelo, interiorizalo e oralo.

-Poderíase organizar unha ***xornada de lectura continua*** da biblia nalgún lugar por diferentes persoas, mesmo públicas.

-Rezade pola *Unidade dos cristiáns*, facede algún xesto ou poñer o cartel. O lema deste ano 2026 é: *"Un só Corpo e un só Espírito,* *como unha é a esperanza a que fostes chamados (Ef 4,4).* Lembramos o que di santo Agostiño: *"No esencial, unidade; no dubidoso, liberdade; e en todo, caridade".*

VÍDEOS DOMINGO ORD-3ºA
(Mateo 4, 12-23: Fareivos pescadores de homes).



-Mt. 4,12-23, debuxos:
http://youtu.be/5Kh728WneI8
-Xesús escolle aos apóstolos, debuxos:
http://youtu.be/qzogvwp-3ig
-Mt. 4, 12-23, debuxos:
http://youtu.be/c0Tn1GhTtl4
-Chamou os seus primeiros discípulos, película:
http://youtu.be/5KCJODQStak
-Convértete, Verbo Divino 2011, reflexión:
http://youtu.be/z0CqCkXxQwI
-Segue a luz, Verbo Divino 2014, reflexión:
https://youtu.be/XfYLT-3k4Oc

-Cando todo cambia, Verbo Divino 2017:
https://youtu.be/AAKMxpKevyY
-Date esa oportunidade, Verbo Divino 2020, reflexión:
https://youtu.be/FUUzJ2e2T9g
-Deixarnos atopar, Verbo Divino 2023, reflexión:
https://youtu.be/X-ilSKr90NQ
-Lecturas en linguaxe de signos: https://youtu.be/tqnDelPuyMU
https://youtu.be/WQQ9XQgb754
https://youtu.be/UetPVRChdHA
-Ven e sígueme, canto: http://youtu.be/nzh8WpCwNO0
-Pescadores de homes - Javier Brú, canto: https://youtu.be/-N_eVxle_1M
-O Señor é a miña luz e a miña salvación, canto:
https://youtu.be/YizKLUP43-s
-Lecturas en linguaxe de signos:
https://www.youtube.com/watch?v=tqnDelPuyMU
https://www.youtube.com/watch?v=WQQ9XQgb754

DOMINGO DA PALABRA DE DEUS
-Web da conferencia Episcopal: https://youtu.be/O meu3bJXM53Bg&t=38s
-Domingo da Palabra de Deus, arcebispado de León:
https://youtu.be/_stc7SuiG14
CANTOS: Que a túa palabra nos cambie o corazón,
https://youtu.be/yrJrz5hk0LU
Escoita ti a Palabra de Deus: https://youtu.be/GThloxYwS8c